

Nº.: 77

“DOA A DOA”

Debullando a historia. Vouche contar...

Programa de televisión, 2009, 26 capítulos, 12 min., emitido por TVG
Temporada 5 y 6

Producción Executiva: Valentín Carrera

Dirección: Yolanda del Campo

Música: Faltriqueira

Deseño: Uqui/Cebra

Narración: Antonio Mourelos

Entrevistas: Carlos Vázquez e Rosa G. Limia

Xefa de produción: Elsa Pazos



FICHA TÉCNICA

TÍTULO	Doa a Doa	
SLOGAN	Debullando a historia. Vouche contar...	
GÉNERO	Historia y Biografía	
MODALIDAD	Documental	
FORMATO	Programa de TV	
SIST.GRABACIÓN	HD	
ASPECTO RATIO	4:3	
IDIOMA ORIGINAL	Gallego	
DURACIÓN	26 cap x 12 min.	
AÑO	2009	
NACIONALIDAD	España	
FECHA ESTRENO	Septiembre 09	
COPRODUCTORES	NOMBRE	PORCENTAJE
	TVG	100%
EMISIONES TV	NOMBRE	FECHA EMISIÓN
	TVG	Emisión semanal (domingos, 21:15 h)
LOCALIZACIONES	Galicia	
CALIFICACIÓN	Todos los públicos	
WEB	www.doaadoa.com	
DEP. LEGAL	PROYECTO	C-3141- 06
	DVD	C 2084- 2007
Registro Propiedad intelectual	Registro del Formato Autor: Valentín Carrera Nº Solicitud 03/2007/1659 Fecha 11/09/07	

SINOPSIS

(castellano)

5ª TEMPORADA

DOA A DOA es un programa de televisión de IBISAtv para TVG pensado para mantener viva, también en la pequeña pantalla, la tradición oral gallega, esas pequeñas historias de vida que muchos de nosotros conocemos porque nos las contaron nuestros abuelos, una riqueza histórica y documental que se está perdiendo y que es necesario conservar, pues forma parte de nuestra íntima memoria.

En esta quinta temporada, DOA A DOA cuenta con un componente novedoso; nuestros abuelos nos hablarán de temas de actualidad desde la perspectiva de su época. Conoceremos como eran entendidas, entonces, cuestiones que hoy son debate en la sociedad: los malos tratos, la ecología o el aborto; y otros que forman parte ya de nuestra vida cotidiana, como el divorcio, el móvil o Internet. Esta nueva serie de DOA A DOA intenta entremezclar la tradición con la renovación, haciendo partícipes a nuestros mayores del devenir de la sociedad, sirviendo de impulso para que nos cuenten cosas de antes en un contexto de actualidad.

Una temporada más, la quinta, nuestros abuelos siguen contribuyendo con los relatos de sus vivencias personales, de manera única e insustituible, para acercarnos un trozo de la historia, de cuando *"las cosas eran de otra manera"*. Gracias a ellos tomamos conciencia de nuestras costumbres, tradiciones, cultura, historia; y de nosotros mismos, gracias a ellos sabemos de donde venimos y hacia donde vamos. En esta quinta temporada, producida por IBISAtv y dirigida por la realizadora Yolanda del Campo, también hay espacio para recordar ritos clásicos como las bodas, la cultura del trabajo en la tierra, los grandes avances de la comunicación o muestras de la represión política.

DOA A DOA es el resultado de una sucesión de encuentros y de conversaciones cálidas e íntimas con la sabiduría popular. En esta nueva temporada, alrededor de un centenar de testimonios dejarán su impronta en nuestros corazones y en nuestra memoria. Un centenar de nuevas entrevistas realizadas por toda Galicia con las vivencias de nuestros abuelos sobre su infancia y juventud. Estos abuelos y abuelas nacidos a finales de los años veinte y, por lo tanto, ahora en torno a los setenta y ochenta años de edad; personas entrañables que construyeron con sus vidas una parte importante de la Galicia contemporánea y que nos cuentan como se vivía *"de aquella"* y como cambiaron sus cosas a lo largo del siglo XX. Ellos son nuestra memoria viva.

6ª TEMPORADA

DOA A DOA es un programa de televisión de IBISAtv para TVG pensado para mantener viva, también en la pequeña pantalla, la tradición oral gallega, esas pequeñas historias de vida que muchos de nosotros conocemos porque nos las contaron nuestros abuelos, una riqueza histórica y documental que se está perdiendo y que es necesario conservar, pues forma parte de nuestra íntima memoria.

En esta sexta temporada, DOA A DOA cuenta con un componente novedoso; nuestros abuelos nos hablarán de temas de actualidad desde la perspectiva de su época. Conoceremos como eran entendidas, entonces, cuestiones que hoy son debate en la sociedad: la homosexualidad, otras religiones, la delincuencia, la crisis; y otras que forman parte ya de nuestra vida cotidiana, como los animales, los vicios o los medios de comunicación. Esta nueva serie de DOA A DOA intenta entremezclar la tradición con la renovación, haciendo partícipes a nuestros mayores del devenir de la sociedad, sirviendo de impulso para que nos cuenten cosas de antes en un contexto de actualidad.

Una temporada más, la sexta, nuestros abuelos siguen contribuyendo con los relatos de sus vivencias personales, de manera única e insustituible, para acercarnos un trozo de la historia, de cuando *"las cosas eran de otra manera"*. Gracias a ellos tomamos conciencia de nuestras costumbres, tradiciones, cultura, historia; y de nosotros mismos, gracias a ellos sabemos de donde venimos y hacia donde vamos. En esta sexta temporada, producida por IBISAtv y dirigida por la realizadora Yolanda del Campo, también hay espacio para recordar ritos clásicos como la emigración, la mili, los animales de casa o la música.

DOA A DOA es el resultado de una sucesión de encuentros y de cálidas e íntimas conversaciones con la sabiduría popular. En esta nueva temporada, alrededor de un centenar de testimonios dejarán su impronta en nuestros corazones y en nuestra memoria. Un centenar de nuevas entrevistas realizadas por toda Galicia con las vivencias de nuestros abuelos sobre su infancia y juventud. Estos abuelos y abuelas nacidos a finales de los años veinte y, por lo tanto, ahora en torno a los setenta y ochenta años de edad; personas entrañables que construyeron con sus vidas una parte importante de la Galicia contemporánea y que nos cuentan como se vivía *"de aquella"* y como cambiaron sus cosas a lo largo del siglo XX. Ellos son nuestra memoria viva.

(galego)

5ª TEMPADA

DOA A DOA é un programa de televisión de IBISAtv para a TVG pensado para manter viva na pequena pantalla, a tradición oral galega; esas sinxelas historias de vida que moitos de nós coñecemos porque nolas contaron os nosos avós, unha riqueza histórica e documental que se está a perder e que é necesario conservar, pois forma parte da nosa íntima memoria. A memoria viva.

Nesta quinta tempada, DOA A DOA conta cunha compoñente novidosa; os nosos avós falaránnos de temas actualidade dende a perspectiva da súa época. Coñeceremos como eran entendidas, daquela, cuestións que hoxe están debate na sociedade: os malos tratos, a ecoloxía ou o aborto; e outros que forman parte xa da nosa vida cotiá, coma o divorcio, o móbil ou a Internet. Esta nova xeira de DOA A DOA tenta misturar a tradición coa renovación, facendo partícipes ós nosos maiores do devir da sociedade, servindo de pulo pra que nos conten cousas de antes nun contexto de actualidade.

Unha tempada máis, a quinta, os nosos avós siguen contribuíndo co relato das súas vivencias persoais, de xeito único e insustituible, a achegarnos un anaco de historia, de cando *"as cousas eran de outra maneira"*. Grazas a eles tomamos conciencia dos nosos costumes, tradicións, cultura, historia; e de nós mesmos, grazas a eles sabemos de onde vimos e cara onde imos. Nesta quinta tempada, producida por IBISAtv e dirixida pola realizadora Yolanda del Campo, tamén hai espazo pra lembrar ritos clásicos como as vodas, a cultura do traballo na terra, os grandes avances da comunicación ou mostras da represión política.

DOA A DOA é o resultado dunha sucesión de encontros e de conversas cálidas e íntimas coa sabedoría popular. Nesta nova tempada, preto dun centenar de testemuñas deixarán a súa impronta nos nosos corazóns e na nosa memoria. Un cento de novas entrevistas realizadas por toda Galicia con vivencias dos nosos avós na súa infancia e xuventude. Un centenar de avós e avoas nados a finais dos anos vinte e, polo tanto, agora en torno aos setenta e oitenta anos de idade; persoas entrañables que construíron coas súas vidas unha parte importante da Galicia contemporánea e nos contan como se vivía "daquela" e como cambiaron as cousas ao longo do século XX. Eles son a nosa memoria viva.

6ª TEMPADA

DOA A DOA é un programa de televisión de IBISAtv para a TVG pensado para manter viva na pequena pantalla, a tradición oral galega; esas sinxelas historias de vida que moitos de nós coñecemos porque nolas contaron os nosos avós, unha riqueza histórica e documental que se está a perder e que é necesario conservar, pois forma parte da nosa íntima memoria. A memoria viva.

Nesta sexta tempada, DOA A DOA conta cunha compoñente novidosa; os nosos avós falaránnos de temas actualidade dende a perspectiva da súa época. Coñeceremos como eran entendidas, daquela, cuestións que hoxe están debate na sociedade: a homosexualidade, outras relixións, a delincuencia, a crise; e outros que forman parte xa da nosa vida cotiá, como os animais, os vicios ou os medios de comunicación. Esta nova xeira de DOA A DOA tenta misturar a tradición coa renovación, facendo partícipes ós nosos maiores do devir da sociedade, servindo de pulo pra que nos conten cousas de antes nun contexto de actualidade.

Unha tempada máis, a sexta, os nosos avós seguen contribuindo co relato das súas vivenzas persoais, de xeito único e insustituible, a achegarnos un anaco de historia, de cando *"as cousas eran de outra maneira"*. Grazas a eles tomamos conciencia dos nosos costumes, tradicións, cultura, historia; e de nós mesmos. Grazas a eles sabemos de onde vimos e cara onde imos. Nesta sexta tempada, producida por IBISAtv e dirixida pola realizadora Yolanda del Campo, tamén hai espazo pra lembrar ritos clásicos como a emigración, a mili, os animais da casa ou a música.


DOA A DOA é o resultado dunha sucesión de encontros e de conversas cálidas e íntimas coa sabedoría popular. Nesta nova tempada, preto dun centenar de testemuñas deixarán a súa impronta nos nosos corazóns e na nosa memoria. Un cento de novas entrevistas realizadas por toda Galicia con vivencias dos nosos avós na súa infancia e xuventude. Un centenar de avós e avoas nados a finais dos anos vinte e, polo tanto, agora en torno aos setenta e oitenta anos de idade; persoas entrañables que construíron coas súas vidas unha parte importante da Galicia contemporánea e nos contan como se vivía "daquela" e como cambiaron as cousas ao longo do século XX. Eles son a nosa memoria viva.

CAPÍTULOS_ QUINTA TEMPADA

CAPÍTULO I. A BELEZA BAIXO SOSPEITA

A beleza, como a liberdade, é ao mesmo tempo desexada e temida. Ninguén deixa de buscala cada día da súa vida, *doa a doa*, pero moi poucos recoñecen os artificios que argallan por conseguila. A beleza, como a verdade, vístese de mil formas e cores pero, ao cabo, sempre remata espida. Por iso as modas veñen e van, os estilos mudan e as regras cambian, máis a paixón pola beleza permanece entre o esforzo por conseguila e o medo de acadar o definitivamente fermoso que nos inquieta, como a liberdade e a verdade.

Nesta entrega de DOA A DOA os nosos maiores abordan distintas cuestións relacionadas coa beleza: como eran os cánones de entón, quen es eran considerados guapos na sociedade da época. Elena Barciela relata o éxito das loiras e as branquiñas “porque morena andaba todo o mundo daquela, porque daquela andabamos ó sol, á chuvia, andabamos a eso, si podiamos ir á praia tamén ibamos pero as brancas eran máis finas”. Xerardo Liñares cóntanos a importancia da muller coidada “a muller me gustou que estivera ben, se había oportunidade ben aseada, ben preparada, a min sempre me gustaron esas. Nunca me gustaron aquelas mulleres que tanto lle tiña unha cousa como outra: no, no, no.”



CAPÍTULO II. TANTO TES TANTO VALES

Cando o xornal dun día non chegaba para mercar de estraperlo un quilo de pan, traballábase polo xantar. Sabíase do inmenso valor dos cartos, que se contaban e recontaban, *doa a doa*, a partir das fraccións máis cativas das moedas, porque a un só chegaban as faragullas do capital, que unicamente circulaba abondoso e farturento por moi poucas e privilexiadas mans. Como dicía Quevedo: “Poderoso caballero es don Dinero”. Daquela, contábase por reais, e tendo “un peso” xa empezabas a ter algúns cartos; quen tiña zafaba e quen non pouco podía amañar.

Os nosos maiores lembran neste DOA A DOA todo o relacionado cos cartos, a partir das moedas e billetes que había: perras, pesetas, perras chicas, patacóns, reais... “O patacón: con dous patacóns e unha perra, facíase un real, ; pero había que ter os dous patacóns e máis a perra”, explica Ramona Piñeiro. Eduardo Martínez dinos os trucos para facerse con algunhas moedas: “cando a peseta iba vella, por unha esquiniña, coma pasa cas baraxas, ou calquer papel deste que houbera, íamos soplando e íamos abrindo a peseta e de unha facíamos dúas.”



CAPÍTULO III. A MULLER QUE É CALADIÑA

“A muller que é caladiña...” aborda o papel subalterno da muller na sociedade dos nosos avós. Papel que, en boa medida, se resiste aínda hoxe a ser enterrado cos refugallos da nosa historia. Moitas das nosas avoas e das nosas nais, sen dicir mal de ninguén, souberon sementar *doa a doa* nos seus fillos e fillas o queixume da súa vida tolleita para que agromara a inquedaanza da igualdade e nos poidamos namorar coa mirada ergueita.

Marina Cillero, presidenta da Asociación Concepción Arenal, explica que “as mulleres, como non aportaban diñeiro ó patrimonio familiar pois parecía que xa non tiñan dereito ningún e o home humillábaas, e sentíase el o dono de todo o que había na casa...e eses malos tratos, tamén son tremendos, e deso sí que existía moito máis antes”. Os testemuños dos nosos maiores coinciden en relatar que a muller era a que se ocupaba de tódalas tarefas da casa e do campo, así o conta Veremundo Riesco: “A muller tiña que face-la comida, ir a comprar, atende-los fillos, ir lava-la roupa ó río; era algo así como, como en animais a vaca gallega”.



CAPÍTULO IV. A LIBERDADE É UNHA MOZA

Porque trinta anos non son nada, como podería dici-lo tango, a liberdade é unha moza louzá. Seguen vivos e ben espelidos os protagonistas dos tempos do medo abafante e do silencio obrigado. O lóstrego da súa memoria, aínda viva, pode servir para facernos ver, nun lúcido instante, que o exercicio diario, o *doa a doa* dos nosos dereitos como cidadáns nin é de sempre nin foi un agasallo, senón o froito dun esforzo, ás veces calado pero sempre vivo e sostido, das xeracións que marchan mesmo diante nosa.

Neste DOA A DOA que xorde como tributo á liberdade, os nosos avós lembrarán o contexto propagandístico do franquismo, que segundo Xesús Santos “os medios de comunicación que contaban de aquela estaban sempre bombardeándoche, empezando polo Nodo: ibas ó cine e xa te encontrabas co noticiario Nodo!. Jesús Casás conta que “tódolos discursos que se oían eran discursos de estos: do amencer das estrelas, do mundo que nos trae patria, xustiza e pan, e todas esas cousas que se din sempre...”



CAPÍTULO V. CASA, MIÑA FILLA, CASA

Non foi nin é doada a busca do equilibrio entre a persoa e o grupo, porque resulta fácil que a liberdade deveña en soidade e o amparo dexenere en servidume. E esta tensión non lles afectou por igual a homes e mulleres. Se hoxe non é o mesmo ca antes ser casado ou casada, viúva ou viúvo, solteira ou solteiro, queda aínda moito camiño que andar para que amañen ben o amparo e a liberdade. Neste duro camiño, os nosos devanceiros, *doa a doa*, puxeron as pedras máis pesadas.

Neste DOA A DOA dos estados civís os nosos ancestros falarannos de cómo era vista a solteiría, a viuedade e o casamento. Carlos Etxcheverría relata a antiga costume de presentar ás rapaces en sociedade cando cumprían os dezaioito anos: *eso era tanto como dicir: "aquí hai unha muller casadeira, vide os mozos que xa tedes unha persoa que xa esta cumprida para facer unha familia"*.



CAPÍTULO VI. ¡ PROHIBIDO PROHIBIR!

Prohibido prohibir! foi o berro máis significativo das revoltas estudantís no sesenta e oito en París. Aqueles mozos e mozas reaccionaban contra o pesadelo da represión que, *doa a doa*, se viña exercendo, incluso nas sociedades máis avanzadas, sobre as ideas e as vidas dos cidadáns. Calquera cousa se prohibía ou se castigaba: o que non era delito era pecado. Os nosos maiores son privilexiadas testemuñas daquel clima social represivo, que hoxe pode volver coa hipertrofia de normas e controis que xa nos comezan a abafar.

As ideas políticas eran con frecuencia razóns polas que un individuo podía ser castigado ou represaliado. Os nosos maiores foron testemuñas da falta de liberdade na época. Carlos Etcheverría conta: “se ti ibas pola rúa e había un acontecemento calquera que fora, e ti mostrabas unha reticencia, unha crítica feroz ó que se prantexaba naquel momento polas autoridades ías dereito á comisaria, onde che daban unhas hostias, con perdón...e era o que ganabas cando menos.”



CAPÍTULO VII. A O RECIBO DO PRESENTE

“Alégrome que, ao recibo da presente, esteas ben...”, así comezaban as esperadas noticias de América, os verdadeiros partes de guerra, o relato das andanzas na mili ou as confidencias e agarimos dos namorados. As cartas eran o acontecemento ilusionante que superaba as ausencias e mantiñan, *doa a doa*, a esperanza do reencontro. Que non sabía de por si pedíalle a outro que as escribira e chegaban, tarde ou cedo, pero chegaban. Como aquela que, por aforrar palabras, lle mandou a moza ao mozo que tiña no servizo militar: “Pepe, non veñas, estou co mes”.

¿Cales eran daquela os modos que tiñan para comunicarse na distancia? ¡Canta ilusión posta unha carta! ¡que emoción recibila! María Calo conta: “tiñan un empezamento das cartas, e a muller seguía por el, algunhas palabras, e logo escribía cada un o que tiña pensado poñerlle. Eu teño escrito moitas cartas ás miñas amigas que non sabían ler nin escribir, e viñan a xunto de min para que lle escribira as cartas ós mozos que estaban na mili...”.



CAPÍTULO VIII. OS SÉCULOS DOS INVENTOS

O século vinte foi o tempo no que se concentrou o maior número de inventos e achados técnicos e tecnolóxicos na historia da humanidade. Foi o tempo en que estes inventos chegaron con gran celeridade á vida concreta e ordinaria da maioría da poboación. Desde o arado de ferro á penicilina, e da enerxía eléctrica a Internet, os inventos cambiaron radicalmente o modo de vida da xente, ata o punto de que chegou a pensarse que o *do a do a* do progreso era irreversible e non tiña límite ningún. Hoxe a conciencia que temos dos límites da natureza e da vida mesma pon en cuestión aquel vello optimismo.

Hoxe, vemos como algo normal o manexo da Internet, se ben, a chegada da luz eléctrica ós fogares galegos foi, sen dúbida, un dos adiantos máis importantes que experimentaron as pasadas xeracións.



CAPÍTULO IX. OS RITOS DA VIDA

Nin na pobreza nin na riqueza, nin na prosperidade nin na depresión deixan os humanos de celebra-los ritos fundamentais da vida. O nacemento, a iniciación, a fecundidade ou a mesma morte son momentos que nunca se ven privados da súa correspondente celebración familiar ou colectiva. As formas rituais dependerán das crenzas ou das culturas, pero o *doa a doa* do rito, a celebración, a festa ou o loito son constantes entre nós. Saber como eran os ritos dos nosos devanceiros lévanos a coñecer como era a súa vida.

Daquela para casarse había que comezar por elixir unha boa parella; Mari Carmen Otero relata algunhas consideracións ó respecto: “mirábase moito de xuntar as riquezas unhas con outras, pero non quería que se casara cunha muller pobre, entonces, pois, non lle deixaba casarse con mamá, pero papá cando lle chegou o momento que, que se quería casar pois casouse igual”. Os preparativos, os traxes, a cerimonia na igrexa, formaban parte do *doa a doa* do casamento.



CAPÍTULO X. A NAI TERRA

Que Galicia sexa unha sociedade moderna, onde o peso fundamental da economía repousa na industria e nos servizos, é cousa recente, de hoxe. Onte e antonte Galicia era unha sociedade principalmente agraria, que se transformou a velocidade de vertixe en moi poucos anos. Chega con escoitar aos nosos pais e avós. Acertar agora, no *doa a doa* dos nosos tempos, consiste en manter e desenvolver aqueles valores de calidade orixinarios da nosa nai, a terra, e prescindir das eivas do atraso. Trátase de converter a nosa nobre orixe, a Terra, tan próxima, nunha vantaxe.

“O que tiña terras tiña que comer, e o que non as tiña nin tiña que traballar nin tiña que comer”, sentencia Mariano Lema. O traballo no campo ademáis de duro era, para moitos, a única fonte de alimentación.



CAPÍTULO XI. AO PÉ DA LETRA

Houbo un tempo ben próximo en que unha gran maioría da xente quedaba no *Catón*, ao pé da letra, privada para sempre de subir á árbore do coñecemento. O estudo das letras, *doa a doa*, daba poder ou rebeldía: nalgúns era signo de prestixio e noutros motivo de sospeita. A instrución era un privilexio e as oportunidades de acadala eran moi distintas. Desde o berce acomodado ou ilustrado era doado, pero desde o barrelo humilde requiría un grande esforzo co que, só ás veces, conseguías gabear pola desexada árbore dos soños.

Os nosos avós aprenderon a ler co sistema de raias, co silabario, co *Catón* e co manuscrito, pero daquela, o acceso á cultura non foi doado pola falta de medios e a necesidade de traballar para vivir. A lectura formaba parte do tempo de lecer, e non todos o tiñan, explica Mariano Lema: “no inverno pero como non había luz xa non se podía ler, e no verán empezaban a traballar as catro da mañá ou ás cinco ata as doce do mediodía, comían, dormían a siesta ata as cinco da tarde ou así, e traballaban ata a noite.”



CAPÍTULO XII. SER OU NON SER NAI

Ser nai pode ser unha beizón, e non selo, unha circunstancia ou unha decisión. Pero o *doa a doa* de ser ou non ser nai sempre entraña un risco para a muller. Un risco que pode afectar á liberdade, aos sentimentos máis íntimos e fortes da muller, á súa propia conciencia e equilibrio mental ou á súa mesma vida. A historia da maternidade ou da renuncia a ela é, en moitos casos, a historia da máis profunda soidade e do desamparo. Nin onte nin hoxe fomos quen de respectar e de garanti-la liberdade de quen asume ou non a gran aventura de facer perdura-la vida humana.

Que unha familia dos anos trinta tivera quince fillos non era motivo de asombro. As xeracións pasadas criáronse coa normalidade dun contexto social, na que a muller era fundamentalmente reprodutora.



CAPÍTULO XIII. O TESOURO DA LINGUA

Os nosos pais e os nosos avós foron quen de conservaren a lingua de tódolos galegos. *Doa a doa*, contra vento e marea, soubérona gardar. Sen institucións que a protexeran, sen normas que a preservaran, sen castes poderosas que a defenderan e con poucos intelectuais que a fecundaran. Nas mans dos galegos e galegas de hoxe, con máis medios e razóns está depositada esta herdanza esencial para que florezan outras mil primaveras, como a forma propia e xenuína que temos de ver e interpreta-lo mundo.

Este DOA A DOA da lingua aborda a lingua que se falaba na escola, na igrexa, nas vilas e nas cidades. ¿Cando e onde se falaba galego? O mestre Xesús Santos explica: “O ensino era totalmente en castelán, tanto na Igrexa como noutros sitios; e se ibas tamen ó concello había que falar castelán. Se ibas ó cuartel pois tamén había que falar en castelán. Entón cada un arreglábase como podía, por eso hai xente que di que tiña complexos ¿non? Porque claro, que os obrigaban a falar en castelán que se rían deles”.



SEXTA TEMPADA

CAPÍTULO I. CON DEUS ME DEITO, CON DEUS ME LEVANTO

Calquera idea ou crenza que trate de explica-lo noso *doa a doa*, o misterio da vida e da morte, pode ser liberadora e semente de ledicia para o ser humano. Pero se unha crenza deriva no asoballamento das consciencias, no fanatismo ou chega a traficar co medo, será fonte de dor e ferramenta de opresión.

Destas cousas non se lle pode bota-la culpa a Deus, ao profeta ou ao filósofo que traballa arreo co pensamento, porque calquera de nós, que é capaz de ennobrecer-lo máis baixo, tamén pode perverte-lo máis nobre.

Nesta entrega de DOA A DOA os nosos maiores abordan distintas cuestións relacionadas coas crenzas e as prácticas relixiosas: a misa, os rezos, as peregrinacións, as confesións, a cuaresma...



CAPÍTULO II. BÁGOAS E GARGALLADAS

Contaba Castelao que nun teatro ben cheo se representaba unha obra. No primeiro acto aparecía unha familia labrega que choraba e se laiaba pola morte da súa única vaca. No patio de butacas a xente ría ás gargalladas e no “galiñeiro” o público choraba a cachón cos pobres labregos da escena.

No segundo acto aparecía unha *señoritinga* que choraba desesperadamente a morte da súa cadelinha faldreira. Agora eran os das butacas os que choraban e os do “galiñeiro” os que rían a gargalladas. Así é o *doa a doa* da vida: bágoas e gargalladas.

Os animais, como fonte de alimentación, de axuda, de compañía, sémpre tiveron un lugar especial nas casas galegas. Os nosos avós lembran os animais comúns nos fogares da época: porcos, ovellas, vacas, galiñas, cabras, cochos,...



CAPÍTULO III. UN HOME É UN HOME

Un home pode ser un home, pero cada ser humano é sempre fillo dun home e dunha muller e, seguramente por iso, resulta un ser tan complexo e delicado. O segredo está en garantir para cadaquén unha vida plena e satisfactoria. Isto fai preciso que saibamos construír, *doa a doa*, unha sociedade aberta e plural na que os sentimentos máis profundos e as pulsións máis íntimas de cada home e de cada muller poidan vivirse e expresase con toda honestidade, con ledicia, con liberdade e con dignidade. Trátase, en definitiva, de sermos recoñecidos como o que realmente somos: fillos dun home e dunha muller.

Os nosos avós abordan neste capítulo cales eran os patróns imperantes por xéneros, cómo tiñan que ser os homes e as mulleres daquela. Carlos Vázquez explica “Un home tiña que ser valiente, tiña que ser macho, tiña que ser forte, tiña que ser dono da situación e tiña que mandar...”.



CAPÍTULO IV. FALAR DE FEIRA

Sabido é que cadaquén fala da feira segundo lle foi nela. E na feira das nosas vidas, no *doa a doa* de cadaquén, houbo moitas diferenzas. Diferenzas e desigualdades que nin Deus mandou nin a natureza impón: son o resultado máis perverso das relacións que os homes e mulleres decidimos establecer para organiza-la nosa vida colectiva.

Desas desigualdades só poden nace-lo sufrimento e a violencia entre xentes que, no fondo do seu corazón, só pretenden amar e ser amadas, para poderen falar ben desta gran feira que é a vida.

Neste *doa a doa* da desigualdade, os nosos maiores tratan a riqueza e a pobreza de hai medio século. Santiago Losada explica que “a pobreza daquela era máis desprendida, a xente pasaba necesidade, pero non reparaba tanto en eso de se o pantalón é vello ou si o pantalón está sucio. Xa non se paraba a pensar eso, que era o poder subsistir cada día, o levar algo que comer á boca”.



CAPÍTULO V. A PORTA DA MOCIDADE

Ser militar hoxe é unha profesión que poden escolle-los homes e as mulleres. Pero, ata hai ben poucos anos, tódolos mozos hábiles, “os quintos”, eran “chamados a filas” para servi-lo Rei ou a patria. A *mili* converteuse nun rito social de iniciación cheo de claroscuros. Era a porta por onde os homes, e só os homes, pasaban de nenos a adultos e descubrían o mundo.

Todos estaban obrigados e, de feito, os voluntarios só eran adiantados que trataban de pasa-lo trago canto antes. Hoxe, que o servizo das armas non é obrigado, ¿cales serán os novos ritos sociais de iniciación? ¿Cal é a porta para pasar, *doa a doa*, de nenos a adultos?

Neste capítulo, os vellos de Galicia achégannos historias de mili. O cura castrense Jesús Casás cóntanos o que supuña para unha familia que un fillo ou un mozo marchasen face-lo servizo militar.



CAPÍTULO VI. INMIGRANTES SEN PAPEIS

Cando non se podía face-lo agosto, había que face-las Américas e alá se ía fuxindo da fame, porque algo tiñan que face-los que nacían cunha man diante e outra detrás. Das Américas, de Cuba, Montevideo, ou Bos Aires, moitos nunca volveron, as despedidas eran tráxicas coma un enterro. Alí quedaron para sempre, na Chacarita.

Pero, se volvías, mellor que viñeras rico, aínda que a maioría non conseguiu saír da modestia. Anos despois fomos a Europa, que construía o seu benestar, e aproveitamos as sobras, como agora fan os inmigrantes que veñen a Galicia. A Europa íase e víñase. Non se volvía rico, pero si farto e, sobre todo, digno.

Hai medio século non había en familia que non tivera algún familiar emigrado. Este doa a doa aborda historias da emigración, dende o sufrimento da partida, a separación da familia, como as condicións atopadas no lugar de destino.

2 U. N^o 372254 3

SEÑAS PERSONALES.-(SIGNALEMENT)

Profesión *Sus labores*
(Profession)

Estado civil *Soltera*
(Etat civil)

Lugar y fecha de nacimiento *Orto Obegondo*
(Lieu et date de naissance) *(La Coruña)*

26 Sep 937

Domicilio *Orto*
(Domicile)

ESPOSA (épouse)

Profesión

Lugar y fecha de nacimiento

HIJOS MENORES DE 15 AÑOS
(Enfants de moins de 15 ans)

NOMBRE (noms) EDAD (âges) SEXO (sexe)

ANULADO

Firma del titular (Signature du titulaire)
Francisca González

Y de su esposa (Et de son épouse)

22 JUNI 1962
PASAPORTES
LA CORUNA

El Jefe Superior (Le Chef Supérieur)
P. D.
INSPECTOR DE SERVICIOS
Francisco

(Eponse)

CAPÍTULO VII. ÍMOLA VIRANDO...

Cando a vida pesa, os días non dan pasado e non queda moito sitio para a ledicia, hai que íla virando. E ímola virando, *doa a doa*, con praceres cativos que os eternos vixías da represión alcuman de vicios.

Beber xuntos e cantar, bailar ou tenta-la sorte e o azar, folgar ou soñar, rir ou busca-lo agarimo tenro da caricia íntima son, no entanto, raíñas de luz que fixeron soportable o gris escuro dunha vida dura e que teceron a memoria para que poidamos escolmar, do noso pasado, aquilo que nos fixo felices por momentos e nos xustifica diante de nós mesmos. E, así, ímola virando...

Neste capítulo, avós e avóas abordan os vicios: beber, fumar, os xogos de azar, mesmo o sexo. Pódese dicir que beber en Galicia era unha tradición, relatada por Manuel Santos como un costume: “saír de traballar e ir a tomar un viño.



CAPÍTULO VIII. A GRAN CIDADE DE GALICIA

En poucos anos Galicia pasou de ser un país agrario a ser un país industrial e de servizos, transformación que trouxo aparelado un cambio significativo tanto na vida do campo como das cidades. Pero é posible que Galicia sexa toda ela unha gran cidade só o día que se recoñeza a si mesma como unha grande aldea.

Trátase de que, *doa a doa*, a aldea teña a mesma calidade de vida que hai na cidade; e que os mesmos servizos dos que goza a vila cheguen a tódolos recantos dun país que recoñece nas súas orixes rurais o mellor e o máis permanente de si mesmo. Que tódolos galegos sexan cidadáns de primeira.

Este capítulo de DOA A DOA faise eco dos contrastes que existían entre a vida no rural e a na cidade. As condicións era moi diferentes, e o traballo do campo máis duro. Mari Carmen Otero conta a súa experiencia: “O campo era moi esclavo, eu traballaba igual que un home: andaba có beso, co arado de ferro, co arado de pau, eu andaba con todo ó lombo, porque en todo lle tiña que axudar eu ó meu pai, e fun aprendendo, que eu todo me levaba idea.”



CAPÍTULO IX. EN DEFENSA PROPIA

Os pobres delinquen en defensa propia e os ricos fano en propio beneficio. E calquera sabe que non é o mesmo roubar para comer, porque a fame preme, que facerse co alleo para medrar. Tamén houbo tempos con fame de liberdade e, exercela, era un delito.

Repasa-la historia colectiva dos nosos delitos, *doa a doa*, sérvenos para conta-la fame que se pasou de pan e de liberdade e para recoñecer que, precisamente, o pan e a liberdade son a mellor garantía para que ninguén teña que soborda-la Lei en defensa propia.

Neste *doa a doa* da delincuencia, os nosos ancestros contan historias de furtos e crimes. O roubo famélico era bastante común daquela, nun tempo non que non había que comer. “Iban ó mellor a un muiño que estaba a moer e íbanlle quitar o millo e maila fariña, para comer, ou iban á verdura á leira de quen a tivese. Máis roubo así, que non irlle ós cartos a casa”, conta Ramona Piñeiro.



CAPÍTULO X. AS NOVAS CORREN

Sempre se soubo que as novas corren e, se son malas, corren coma o vento. O que pasa é que antes viñan unha tras doutra e daba tempo a mastigalas e dixerilas; pero, agora, chegan todas en tropel e pode quedar un sen saber realmente o que pasou, atordado polo barullo.

Antes non daba vido aquela nova esperada pero, cando chegaba, duraba tanto que podía embelecerse cos soños e, se era mala, amolecerse coas bágoas. Agora as novas, aínda ben non chegan, morren a moreas e son enterradas decontado no *doa a doa* do esquecemento.

Este *Doa a doa* adícase ós medios de comunicación da época: prensa, revistas, radio, televisión. Había, coma hoxe, diversos xornais, se ben ó acceso ós mesmos non era tan común. Xesús Santos conta “meu pai pagaba a medias *El Ideal Gallego*. E primeiro líao a señorita, e despois a meu pai chegáballe á tarde, como se fora un diario vespertino, ou leíao ás veces ó día seguinte”.



Cervezas de Santander

SOCIEDAD ANÓNIMA

Gran fábrica "LA BARXA"

VIGO

Fábricas en SANTANDER, CÁDIZ,
VALLADOLID y LEÓN.



RELOJES

DE BOLSILLO

en cajas de todos los metales, marcas «Zenith», «Omega» «Longines», «Juvenia» y otras.

Relojes de pared y antesala

a grandes sonerías, modelos especiales de esta casa y legítima producción alemana.



Joyería en general

VENTAS AL CONTADO Y A PLAZOS

CASA S. ARIAS

Sucesor de RICAUD

Triunfo, 2 - Teléfono, 94

VIGO

CAPÍTULO XI. ATA O CARRO CANTA

Nin nos peores tempos o meu pobo deixou de cantar, que ben o di a cantiga, “ata o carro canta, canto máis cargadiño vai”. Son as troulas, os fiadeiros e as cantigas, os candís que alumana os tempos grises e fan que a memoria absolve o pasado, rescatando para a lembranza viva o que realmente pagou a pena.

Por iso perdura e sobrevive a música, como remanso de saudade dun tempo no que, a pesar de todo, soubemos rir e cantar. Poderemos seguir sementando, *doa a doa*, “en tanto no pobo medre un vello, un meniño e un cantar”.

A música protagoniza este *Doa a doa*, como vertebradora da festa e o baile, e en último termo, da propia vida. Neste capítulo Mari Carmen Otero conta como se celebraban os bailes por aquel entón: “Ibamos os bailes, bailábamos, cantábamos, íbamos todos xuntos, viñamos todos xuntos”.



CAPÍTULO XII. VEÑO POLA RECEITA...

Unha das melloras máis importantes e, desde logo, a máis gratificante do último medio século, foi o avance da cobertura sanitaria galega no campo e na cidade. Quedan atrás os tempos en que a maioría da poboación se amañaba como podía con remedios da casa, herdados de pais a fillos, co ímprobo traballo dos moi escasos médicos rurais e, cando a cousa era grave, co acerto de ter aforrado, *doa a doa*, para unha doenza grave. Non era estraño que, ante calquera contrariedade na lotería da vida ou calquera falla da fortuna, atopáramos consolo naquilo de: “O importante é ter saúde”.

¿Que pasaba hai medio século cando alguén enfermaba? Este capítulo de *Doa a doa* aborda todo o referente a médicos e enfermidades. Mari Carmen Otero conta que ir ó médico non era moeda corrente: “primeiro inda estabas na casa a ver se un remedio, a ver se con outro remedio, a ver se se poñía ben... Pero cando xa non había máis remedio, había que ir ó medico”.



CAPÍTULO XIII .SOÑOS DE PROSPERIDADE

¿Cantos soños de prosperidade, teimosamente perseguidos e traballados, moveron as rodas do tempo para chegar todos a onde hoxe chegamos? Partir de nada ou de moi pouco, encalendo as mans e debullando os miolos, era o escarpado camiño que cumpría recorrer, *doa a doa*, para alcanza-la prosperidade.

A andaina levou o seu tempo: unha vida enteira ou dúas xeracións. Pero ¿cantos deses soños, por fin realizados, soportan hoxe o que demos en chama-lo progreso? Agora moitos poderán comeza-la súa viaxe partindo de soños cumpridos.

Os anos venideiros á posguerra foron anos de fame e miseria. Este capítulo é un tributo á suor e ó esforzo de moitos galegos por supera-la pobreza e o atraso, no que por aforrar, mesmo pasaban fame.



ROLL

Dirección: Yolanda del Campo
Producción ejecutiva: Valentín Carrera

Música: Faltriqueira
Diseño: Uqui/Cebra

Narración: Antonio Mourelos
Entrevistas: Carlos Vázquez e Rosa Gómez Limia
Baseado na *Ética da memoria* de Elena Gálkina

Cámaras: Paco Peipieiros e Cristian Carnota, Setemedia
Iluminación: Sergio Abad, Sadilsa.

Son en directo: Miguel Barbosa e Carlos García, Cinemar.
Maquilladora: Bea Dono

Xefa de produción: Elsa Pazos
Producción: Ana Lorenzo, Adrián Zapatería, Rubén Seoane e Noelia Souto.

Axudante de montaxe: Rubén Moñino
Montaxe e postproducción: Pórtico de Comunicación

Agradecementos:

Caeiro Renault



Concello de Ames



Peluquería Kontraste

Pazo de Adrán

**Fondos fotográficos:**

Antonio Ferreiro
Arquivo do Reyno de Galicia
Arquivo fotográfico municipal de Cambre
Arquivo fotográfico municipal de Carral
Arturo G. Cidras
Asociación Cultural A Ceba (Cangas)
Asociación Obradoiro da Historia
Carlos Asorey Brey
Carmen Mariño Regos
Concello de Chantada
Familia Álvarez Prado
Familia Docampo (Bueu)
Fotografía Manuel (A Fonsagrada)
Fundación 10 de Marzo
María del Carmen Estévez Mosquera
María Esther Veiras
Museo de Pontevedra
Museo do Pobo Galego
Museo Pedagógico de Galicia
Museos Comarcal da Fonsagrada
Pilar Pena
Ramón Caamaño
Silvia Obelleira
Xose Luís Lorenzo “Colón”
Xulia Rodríguez Galup

IMAGEN GRÁFICA

LOGOTIPO

do a do

CARTEL



FOTOGRAMAS

